

1. Contesta as seguintes cuestións.

- a. Que ditadura houbo en España nos anos 20? En que anos tivo lugar?
- b. Que grupos foron máis críticos ca ditadura?
- c. Cando e como remata a ditadura?
Que pasos se dan despois?

Que foi o pacto de San Sebastián?

2. Contesta.

- a. Explica o que sucedeu nas eleccións municipais de abril de 1931.
- b. Como e cando se proclamou a Segunda República
- c. Quen foi elixido presidente da república

3. Analiza o articulado da Constitución de 1931 e a teoría do tema e contesta.

A Constitución de 1931

Artigo 1. España é unha República democrática de traballadores de toda clase, que se organiza en réxime de liberdade e de xustiza.

Os poderes de todos os seus órganos emanan do pobo.

A República constitúe un Estado integral, compatible coa autonomía dos municipios e das rexións. [...]

Artigo 3. O Estado español non ten relixión oficial. [...]

Artigo 26. Todas as confesións relixiosas serán consideradas como asociacións sometidas a unha lei especial. [...]

Artigo 27. A liberdade de conciencia e o dereito de profesar e practicar libremente calquera relixión quedan garantidos [...].

Artigo 34. Toda persoa ten dereito a emitir libremente as súas ideas e opinións, valéndose de calquera medio de difusión [...].

Artigo 36. Os cidadáns dun sexo e doutro, maiores de vinte e tres anos, terán os mesmos dereitos electorais [...].

Artigo 43. [...] O matrimonio [...] poderá disolverse por mutua disensión [acordo] ou a petición de calquera dos cónxuxes [...].

a. Indica as novidades relacionadas ca relixión. Que significa aconfesional?

b. Como é a organización territorial do Estado.

c. Que dereitos e liberdades se recoñecen na constitución? Cal che parece máis innovador?

4. Bienio reformista.

a. Quen era o presidente da república?

E o presidente do goberno neste período?

b. Enumera as reformas do Bienio Reformista.

c. Quen se opuxo as reformas?

d. Que foi a “Sanjurjada”?

e. Que sucedeu en Castilbanco e Casas Viejas?

5. Bienio conservador.

a. Quen foron os dous líderes deste novo goberno? A que partidos e tendencias políticas pertencían?

b. Que sucedeu cas reformas no bienio conservador? Explica.

c. Explica a revolución de outubro de 1934.

Que pasou en Asturias?

E en Cataluña?

6. A Fronte Popular .


a. Quen partido gaña as eleccións?

Que é a Fronte popular? Quen o forma?

b. Que sucede cas reformas políticas?

c. Que feitos se producen que desatan o fin da república?

7. Fai unha liña do tempo onde se observe as distintas fases da república e indica nome e ano de cada fase.



8. Guerra Civil

a. Cantos anos durou a guerra civil? Cando comezou? Cando rematou?

b. Que foron as milicias populares? E o exercito popular?

c. Que foi a Xunta de Defensa Nacional?

d. Que apoios exteriores recibiu cada bando? Explica brevemente.

9. Analizar a Guerra Civil a través de mapas.



21. A GUERRA ENTRE XULLO DE 1936 E MARZO DE 1937



22. A GUERRA ENTRE ABRIL E OUTUBRO DE 1937



23. A GUERRA ENTRE OUTUBRO DE 1937 E FEBREIRO DE 1939

a. España quedou dividida en dous. Indica as zonas pola que se estendeu cada bando. Había moita diferenza na extensión do territorio controlado por cada unha das partes?

b. Cal dos dous bandos foi gañando territorios e finalmente venceu? A que crees que se debeu isto (economía, recursos, apoios internacionais...)?

c. Cantas fases se poden observar na guerra?

Indica unha batalla e un bombardeo importante en cada fase? En xeral que bando bombardeou as cidades?

10. Vida cotiá durante a guerra e consecuencias.

a. *A guerra foi un tempo de _____. O abastecemento de alimentos supuxo un grave problema, sobre todo na zona _____, xa que os sublevados dominaron desde o principio as principais _____.

Axiña se produciu o acaparamento de víveres por parte dos produtores co obxectivo de vendelos a maior prezo e, así, apareceu o _____.

Ante esta situación, impúxose o _____ dos alimentos.

*Os habitantes das cidades da zona republicana viviron baixo _____. Madrid e Barcelona foron as máis afectadas. Se construíron _____ novos.

*A forma máis común de represalia foron os «_____», sobre todo na zona nacional: un grupo armado sacaba do seu domicilio unha persoa, afastábana da localidade e _____. Os fusilados adoitaban ser enterrados en _____ pola noite e sen ningún tipo de identificación. Aínda hoxe exhúmanse cadáveres de moitos destes enterramentos anónimos.

b. Que infraestruturas se perderon durante a guerra e a posguerra?

Cales foron as principais consecuencias para a poboación?

11. Inicios do Franquismo.

a. Cantas fases ten o Franquismo? Como se chaman? Que anos comezan e rematan cada unha?

b. Indica as principais características da ditadura franquista.

c. Cales son os 4 principais apoios do franquismo trala vitoria na Guerra Civil?

d. Que son os maquis?

12. Goberno fascista

Franco mostrouse desde o principio favorable ás _____. En 1940 entrevistouse con _____ en **Hendaia** para negociar a _____, pero finalmente non se produciu. Creouse a _____ para apoiar os nazis na fronte rusa. Tras a finalización da guerra, as potencias vencedoras intentaron provocar a caída do franquismo. _____ a **España**: non foi admitida na ONU, case todos os países retiraron os seus embaixadores e Francia pechou a súa fronteira...

Os _____ tiveron **grande influencia** na primeira etapa do franquismo. A poboación encadrouse en numerosas organizacións que dependían de _____, como a

- _____, que incorporou os obreiros e os empresarios;
- a _____, que agrupaba as mulleres para realizar labores sociais, e
- a _____, que organizaba actividades recreativas (excursións, estancias na praia ou na montaña...) co fin de captar a xente nova.

13. Abandono do fascismo.

a. Ca derrota das forzas do eixe a situación internacional de España cambiou. EEUU considerou que o réxime franquista, _____, podería ser un aliado. Suavizouse o illamento español.

En 1953 asináronse o _____ e o _____, que permitía a instalación de bases militares de EEUU en España a cambio de axuda económica.

España foi admitida en distintos organismos internacionais: _____, _____, _____...

Os _____ perderon influencia, e a maioría dos ministerios e altos cargos foron ocupados por _____. FET y de las JONS pasou a chamarse _____.

O novo ambiente político contribuíu a que se organizasen as _____..

b. Quen son os tecnócratas?

14. Oposición ao franquismo e crise final

a. En que década comeza a reorganización de oposición o réxime?

Cales foron os dous principais partidos que se opuxeron o réxime franquista?

b. Que foi a reunión de Munich?

c. Que novas formas de oposición naceron nos anos finais do réxime?

d. A crise final do réxime.

A _____ (1973) afectou duramente a España e incrementou o _____.

As _____ aumentaron, a pesar de ser ilegais.

A _____ deteriorábase rapidamente e o réxime quería planificar o futuro. En 1973, Franco nomeou o almirante _____ xefe de Goberno para garantir a continuidade. Pero, ese mesmo ano, _____.

O franquismo reaccionou cunha _____: decretou _____ e aumentaron as _____ que afectaron a membros de ETA, do FRAP...

Nesta Situación, Franco morreu o _____.